

Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e ASPERGA (Asociación Galega de Asperger)

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, Dona **CARMEN POMAR TOJO**, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante a Consellería), que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 96/2018, do 26 de setembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 106/2018, do 4 de outubro, que modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Da outra, Dona **RITA CONCEPCIÓN GONZÁLEZ FERNÁNDEZ**, presidenta de ASPERGA (Asociación Galega de Asperger), en diante ASPERGA, segundo o disposto polos Estatutos visados polo Rexistro Central de Asociacións con data 24 de febreiro de 2020, con CIF G70043435, con domicilio social na rúa Avda. de Oza 240, 1º A e B, 15006 A Coruña; inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co nº E2235.

EXPOÑEN



1. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, tal e como establece o Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. Que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional considera como un dos piares fundamentais dun sistema educativo de calidade a atención á diversidade do alumnado, o que esixe unha acción educativa integral que dea resposta axeitada ás necesidades específicas de apoio educativo, sendo necesario, para este fin, contar con toda a comunidade educativa así como coas entidades, asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que adiquen os seus esforzos a esta finalidade.

Neste sentido, tanto na normativa educativa estatal, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, así como no desenvolvemento curricular estatal e da Comunidade Autónoma de Galicia, faise explícita a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, entre o que se sitúa o alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.

3. Que ASPERGA é unha entidade sen ánimo de lucro e de Utilidade Pública, que nace en xaneiro de 2006 co obxectivo principal de loitar pola inclusión das persoas con Síndrome de Asperger e TEA, ofrecendo servizos especializados, asesoramento e apoio e servindo de punto de unión para as familias.

4. Que ASPERGA é unha entidade que ten entre os seus principais fins os seguintes:

a) Promover o ben común das persoas con Síndrome de Asperger e TEA, socios, fillos ou tutelados dos asociados, por medio de actividades asistenciais, educativas, recreativas, culturais e deportivas.

b) Promover, crear, organizar e patrocinar centros de diagnose ou avaliación, unidades de tratamento e atención especializada, investigación e experimentación, centros de terapia, centros de pedagogía especial, residencias, unidades de captación para o traballo, talleres



protexidos, unidades hospitalarias, servizos médicos, de conformidade cos plans de actuación que aprobe a asemblea xeral.

c) Informar e asesorar sobre os problemas xerais da Síndrome de Asperger e TEA en todos os círculos posibles.

d) Representar e defender os intereses das persoas con Síndrome de Asperger e TEA e as súas familias diante de toda clase de organismos, administración central, institucional, local e autonómica, persoas físicas ou xurídicas, entidades públicas ou privadas, de calquera clase ou natureza, tanto nacionais como internacionais.

5. Que o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo pode requirir “apoios ou providións educativas diferentes ás ordinarias e que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas”.

En atención a estas consideracións, as dúas institucións teñen a vontade de sumar os esforzos que realizan no campo da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.

En consecuencia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e ASPERGA acordan subscribir este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS



Primeira. *Obxecto do convenio*

O convenio ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e ASPERGA nas accións e actividades dirixidas á mellora da atención educativa ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.

Segunda. *Persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias da colaboración prevista neste convenio serán o alumnado con Síndrome de Asperger e TEA, de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e na súa redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado en centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como o profesorado e as familias dese alumnado.

Terceira. *Desenvolvemento da colaboración*

1. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional promoverá na formación permanente do profesorado, que desenvolve por medio das estruturas de formación e nas distintas modalidades formativas, a colaboración de ASPERGA nas accións relativas á atención á diversidade e á formación do profesorado que atende ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.
2. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e ASPERGA colaborarán na sensibilización e na difusión de materiais e documentos que permitan un maior coñecemento das circunstancias específicas asociadas ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.
3. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional facilitará a colaboración do persoal profesional de ASPERGA nos centros docentes dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional con escolarización de alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.

A solicitude de colaboración do persoal profesional de ASPERGA debe realizarse por parte do centro docente, e as liñas xerais desa colaboración poderán ser:



a) Asesoramento na atención educativa ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA escolarizado nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, así como aos centros que escolaricen a este alumnado, ao seu profesorado e ás súas familias.

b) Propoñer actuacións de carácter preventivo e concretas, que poderán ser levadas a cabo polo equipo docente do centro educativo, dirixidas ao alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.

c) Colaboración na orientación sobre metodoloxías axeitadas dirixidas á intervención educativa do alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.

d) Información e formación naqueles aspectos que o persoal dos centros docentes requira en relación co tratamento educativo do alumnado con Síndrome de Asperger e TEA.

Cuarta. Características da colaboración do persoal de ASPERGA nos centros docentes

1. Tendo en conta os termos xerais referidos na cláusula anterior e o principio de autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros docentes, o director ou a directora de cada centro, o persoal especialista de ASPERGA e as familias do alumnado con diversidade funcional, establecerán de mutuo acordo e por escrito seguindo o establecido neste convenio, os termos concretos desa colaboración. Eses termos deben formar parte das medidas de atención á diversidade previstas no Plan Xeral de Atención á Diversidade, das normas de organización, funcionamento e convivencia e/ou das correspondentes programacións xerais anuais de cada centro.

2. O profesorado titor ou, se é o caso, profesorado designado pola dirección do centro será o responsable de coordinar as posibles actuacións concretas das persoas especialistas en Síndrome de Asperger e TEA, en cada un dos casos e de manter informada a cada unha das familias.

3. As actuacións do persoal especialista de ASPERGA nos centros docentes, entenderanse dentro do principio de colaboración entre todas as persoas que atenden a un mesmo alumno ou alumna e coa finalidade de facilitarlle unha atención educativa inclusiva e axustada á súa particular forma de ser e de aprender. Este persoal deberá reunir a formación profesional e técnica adecuada que se require para atender ao alumnado con



Síndrome de Asperger e TEA; ter cumprida a obriga imposta polo artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor (LOPXM), introducido pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia; ter regularizada a súa situación laboral con ASPERGA e respectar os principios de autonomía organizativa de cada centro docente, así como o seu proxecto educativo.

Quinta. Financiamento

Este convenio non leva consigo apareladas obrigas económicas para ningunha das partes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición deste convenio non implica relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal de ASPERGA e a Xunta de Galicia, de tal modo que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para a coordinación e desenvolvemento deste convenio constituirase unha comisión mixta, formada por catro persoas. Cada unha das partes designará dúas, correspondendo a presidencia e a secretaría da comisión ás persoas representantes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
2. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez cada curso escolar. A reunión terá lugar no primeiro trimestre do curso, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.
3. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:
 - a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
 - b) Analizar o funcionamento desta colaboración e realizar, de ser o caso, propostas de mellora.



- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas as partes.

Oitava. Interpretación do convenio

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio, que ten carácter administrativo, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, a súa interpretación, cumprimento e execución corresponderá aos tribunais contencioso-administrativos, tralo esgotamento da vía administrativa.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

Ambas as partes comprométense a cumprir as obrigas que se derivan da normativa en protección de datos que se desprende da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima. Transparencia

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Undécima. Vixencia



Este convenio entrará en vigor o 1 de setembro de 2020 e durará ata finais do curso académico 2020-2021, isto é o día 31 de agosto de 2021, sendo prorrogado automaticamente por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 cursos escolares.

Lido o Convenio asíñase dixitalmente polas partes.

POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN
PROFESIONAL,
A CONSELLEIRA,

Carmen Pomar Tojo

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER

A PRESIDENTA,

Rita Concepción González Fernández

